

ARTÍCULO 4.—COTA TRIBUTARIA

1.-O Imposto esixirase con arreglo o seguinte cadro de tarifas:

<i>Potencia e clase de vehículo</i>	<i>Cota</i>
<i>A)Turismos:</i>	<i>Euros</i>
De menos de 8 caballos fiscales.....	12,62
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales.....	34,08
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales.....	71,94
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales.....	89,61
De 20 caballos fiscales en adelante.....	112,00
<i>B) Autobuses:</i>	
De menos de 21 plazas.....	83,30
De 21 a 50 plazas.....	118,64
De más de 50 plazas.....	148,30
<i>C) Camiones:</i>	
De menos de 1.000 kilogramos de carga.....	42,28
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil.....	83,30
De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil.....	118,64
De más de 9.999 kilogramos de carga útil.....	148,30
<i>D) Tractores:</i>	
De menos de 16 caballos fiscales.....	17,67
De 16 a 25 caballos fiscales.....	27,77
De más de 25 caballos fiscales.....	83,30
<i>E) Remolques y semirremolques</i>	
arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 y más de 750 kilogramos de carga útil.....	17,67
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil.....	27,77
De más de 2.999 kilogramos de carga útil.....	83,30
<i>F) Otros vehículos:</i>	
Ciclomotores.....	4,42
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos.....	4,42
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos.....	7,57
Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos.....	15,15
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos.....	30,29
Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos.....	60,58

2. Cadro de cotas son as establecidas no art.95 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo que teñen o carácter de mínimas, multiplicadas polo coeficiente de incremento 1, e modificaranse según o que dispoña a Lei de Presupostos Xerais do Estado.

ARTÍCULO 5.—PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comenzará o día en que se produza dita adquisición.
2. O imposto devégase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cota do Imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos términos e nos supostos de baixa

temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento en que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente

ARTÍCULO 6.—XESTIÓN

A xestión, liquidación, inspección e recaudación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponderá a esta Administración Municipal.

As altas faranse mediante autoliquidación polo interesado ou representante a través do impreso que se lles facilitará para a súa tramitación.

ARTÍCULO 7.—XUSTIFICANTES DE PAGO

Os documentos que servirán de xustificantes de pago serán os recibos emitidos cos correspondentes padróns no caso do cobro periódico, e o xustificante de ingreso da autoliquidación no caso das altas novas que se expedirán pola administración municipal unha vez realizado o ingreso que corresponda.

A Xefatura Provincial de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do Impuesto, nos términos establecidos no presente artigo.

DISPOSICION DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordeanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordeanza entrará en vigor unha vez se complete o seu trámite de aprobación e exposición pública e se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

O Grove, 25 de xuño de 2004.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García.

A N U N C I O

Finalizado o período de exposición pública da modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, sin que se presentasen reclamacións contra da mesma e de acordo có disposto no art.17.4 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo publícase o texto do acordo definitivo

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE**

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real e o feito imponible está constituído polo mero exerci-

cio en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e se atopan ou non especificadas nas tarifas dos impostos.

2. Consideranse, ós efectos deste Imposto, actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito impositivo polo Imposto ningunha delas.

A efectos do previsto no parágrafo anterior, terá a consideración de ganadeiría independente, o conxunto de cabezas de gando que se atope comprendido nalgúns dos casos seguintes:

- a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando.
- b) O estabulado fora das fincas rústicas.
- c) O trashumante ou trasterminante.
- d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca na que se cría.

ARTÍGO 2.—EXERCICIO DAS ACTIVIDADES

1. Considerase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional o artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou de un deles, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.
2. O contido das actividades gravadas definirase nas tarifas do imposto.
3. O exercicio das actividades gravadas aprobarase por calquera medio admisible en dereito e, en particular, polos establecidos no Artigo 3 do Código de Comercio.

ARTÍGO 3.—ACTIVIDADES NON SUXETAS

Non constitúe feito impositivo neste imposto o exercicio das seguintes actividades:

1. A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que figuraran debidamente inventariados como tal inmovilizado con máis de dous anos de antelación á data de transmitirse, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor sempre que os utilizara durante igual período de tempo.
2. A venda dos produtos que se reciben en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.
3. A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento. Pola contra, estará suxeita ó imposto a exposición de artigos para agasallo ós clientes.
4. Cando se trate de venda ó por menor, a realización dun só acto ou operación illada.

ARTÍGO 4.—EXENCIONS

1. Están exentos do imposto:

- a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais, así como os Organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das entidades locais.

- b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.

A estos efectos, non se considerará que se produciu o inicio do exercicio dunha actividade cando a mesma se desenvolvera anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

- c) Os seguintes suxeitos pasivos:

— As persoas físicas.

— Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

— En canto ós contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, a exención sólo alcanzará ós que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

A efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo, teranse en conta as seguintes regras:

1ª O importe neto da cifra de negocios determinarase dacordo co previsto no artigo 191 do texto refundido de la Lei de Sociedades Anónimas, aprobado por Real Decreto legislativo 1 564/1 989, de 22 de decembro.

2ª O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, o do período impositivo do cal o prazo de presentación de declaracións por ditos tributos finalizara o ano anterior ó do devengo deste imposto. No caso das

sociedades civís e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Si dito período impositivo tivera unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

- 3ª Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo.

Porén, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no senso do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes a dito grupo.

A efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 del Código de Comercio son os recollidos na sección 1.a do capítulo I das normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real Decreto 1 81 5/1 991, de 20 de decembro.

- 4ª No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados en territorio español.
- d) As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensinanza en tótolos seus graos costeados íntegramente co fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensinanza en tótolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveren en réxime de concerto educativo, incluso si facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e aínda que por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres adicados a dita ensinanza, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
- f) As asociacións e fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagógico, científico, asistenciais e de emprego que

para a ensinanza, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres adicados a ditos fins, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

- g) A Cruz Vermella Española.
- h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.
2. Os suxeitos pasivos a que se refieren os parágrafos a), d), g) e h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.
3. O Ministro de Facenda establecerá en qué supostos a aplicación da exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que se cumplen os requisitos establecidos en dito parágrafo para a aplicación da exención. Dita obrigación non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo Imposto sobre la Renda das Persoas Físicas.
- Os suxeitos pasivos que aplicaran a exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, o ano seguinte ó posterior ó do inicio da súa actividade.
- A estos efectos, o Ministro de Facenda establecerá o contido, o prazo e a forma de presentación de dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática.
- En cuanto as variacións que poidan afectar á exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior, se estará ó previsto no parágrafo terceiro do apartado 2 do artigo 91 desta Ley.
4. As exencións previstas nos parágrafos b), e) e f) do apartado 1 deste artigo terán carácter rogado e se concederán, cando proceda, a instancia de parte.

ARTÍGO 5.—SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas as Entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan el feito imponible.

ARTÍGO 6.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, dacordo cos preceptos contidos

nas normas que regulan o imposto e nesta ordenanza, os coeficientes e as bonificacións previstos no artigos seguintes.

ARTÍGO 7.—COEFICIENTE DE PONDERACION

Sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, o coeficiente de ponderación determinado no art. 86 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Dito coeficiente, ata tanto no se modifique pola Administración Xeral do Estado mediante outra norma con rango de Lei, será o que a continuación se describe no seguinte cadro.

Importe neto da cifra de negocios	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 € ata 5.000.000,00 €	1,29
Dende 5.000.000,01 € ata 10.000.000,00 €	1,30
Dende 10.000.000,01 € ata 50.000.000,00 €	1,32
Dende 50.000.000,01 € ata 100.000.000,00 €	1,33
Máis de 100.000.000,00 €	1,35
Sin cifra neta de negocio	1,31

ARTÍGO 8.—COEFICIENTE DE SITUACION

Debido a que non se pode determinar como inflúe a situación das actividades non exentas, non se establece coeficiente de situación de acordo co establecido no art. 87.4 do RDLeg. 2/2004 de 5 de marzo.

ARTÍGO 9.—BONIFICACIONES

1. Sobre a cota do imposto aplicaranse en todo caso, as seguintes bonificacións:
 - a) As cooperativas, así como las uniones, federacións e confederacións das mesmas e as sociedades agrarias de transformación terán a bonificación prevista na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.
 - b) Unha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente, para quenes inicien o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 4 desta ordenanza.
 - c) Unha bonificación por creación de emprego do 50 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementaran en máis dun 25% o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquél.

Esta bonificación do 50% aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións ás que se refieren os apartados anteriores, exclusivamente durante o período impositivo do ano seguinte. No segundo ano, aplicarase o 25% de bonificación sempre que se manteña o promedio descrito anteriormente.

- d) Unha bonificación do 25 por 100 da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeneración en máis dun 80% das súas necesidades de consumo.

A estos efectos, consideraranse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables. Consideraranse sistemas de coxeneración os equipos e instalacións que permitan a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

Á bonificación aplicarase a cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores.

ARTÍGO 10.—PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, neste caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.
2. O imposto devégase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, neste suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizarlo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Asimesmo, e no caso de baixa polo cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquél no que se produza dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estén establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se establece reglamentariamente.

ARTÍGO 11.—XESTION TRIBUTARIA.

1. O imposto xestionarase a partir da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente pola Administración do Estado e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, do recargo provincial. A matrícula estará a disposición do público nas oficinas da Intervención Municipal unha vez sea remitida pola Delegación de Facenda.
2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar as correspondentes declaracións censais de alta manifestando tódolos elementos necesarios para a súa inclusión na matrícula nos termos do artigo 90.1 do RDLeg 2/2000 de 5 de marzo e apartado 1 anterior dentro do prazo que reglamentariamente se estableza. A continuación, unha vez recibidas as altas, baixas ou variacións da Delegación de Facenda, practicaranse pola Administración Municipal as liquidacións correspondentes, que se notificarán ós suxeitos pasivos para que procedan o seu ingreso.

Asimesmo, os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar as variacións de orde físico, económico ou xurídico que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia a efectos deste imposto, e formalizaranas nos prazos e términos reglamentariamente determinados.

En particular, os suxeitos pasivos ós que non resulte de aplicación a exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 4 desta ordenanza, deberán comunicar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o importe neto da súa cifra de negocios. Asimesmo, os suxeitos pasivos deberán comunicar as variacións que se produzan no importe neto da súa cifra de negocios cando tal variación supoña a modificación da aplicación ou non da exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 4 desta ordenanza ou unha modificación no tramo a considerar a efectos da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 7. A presentacións destas comunicacións faranse nos términos establecidos polo Ministerio de Facenda.

3. A inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, resultantes das actuacións de inspección tributaria ou de la formalización de altas e comunicacións, consideraranse acto administrativo, y conlevarán a modificación do censo. Calquiera modificación da matrícula que se refira a datos obrantes nos censos requirirá, inexcusablemente, a previa alteración destes últimos no mesmo senso.

4. Este Imposto poderá esixirse en réxime de autoliquidación, nos termos que reglamentariamente se establezcan.

ARTÍGO 12.—MATRICULA DO IMPOSTO

1. A formación da matrícula do imposto levarase a cabo pola Administración Tributaria do Estado. En todo caso, a calificación das actividades económicas, así como o sinalamiento das cotas correspondentes levarase a cabo, igualmente, pola Administración Tributaria do Estado, e o coñecemento das reclamacións que se interpoñan contra os actos de calificación de actividades sinalamento de cotas corresponderá ós Tribunais Económico-Administrativos do Estado.
2. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto levarase a cabo pola Administración Municipal e comprenderá as funcións de concesión e denegación de exencións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a información e asistencia e contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

A concesión e denegación de exencións requirirán, en todo caso, informe técnico previo do órgano competente da Administración Tributaria do Estado, con posterior traslado a este da resolución que se adopte.
3. A inspección deste imposto levarase a cabo polos órganos competentes da Administración Tributaria do Estado, sen perxuízo das delegacións e colaboracións que poidan facerse mediante convenio, con esta Administración Municipal.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordeanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordeanza entrará en vigor unha vez se complete o seu trámite de aprobación e exposición pública e se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

O Grove, 25 de xuño de 2004.—O Alcalde, Miguel A. Pérez García.